

A poesía entre 1936 e 1976

1 Introducción

A poesía, así como o resto dos xéneros literarios, sufriu unha paralización despois da Guerra Civil. A primeira obra poética relevante publicada tras a contenda é *Cómaros verdes* de Aquilino Iglesia Alvariño (1947); a partir de aí comeza unha lenta pero ininterrompida recuperación da poesía e da literatura en galego: en 1949 fúndase a colección de poesía Benito Soto (Pontevedra), á que se suman ese mesmo ano as editoriais **Monterrey** e **Bibliófilos Gallegos**. Detrás das dúas primeiras editoriais están nomes importantes da poesía da época como Celso Emilio Ferreiro, director literario da colección Benito Soto, e Xosé María Álvarez Blázquez, fundador de Monterrey.

En 1950 fúndase a **Editorial Galaxia**, arredor da cal se agrupará unha serie de autores relacionados co movemento galeguista xa antes da Guerra Civil. A partir desta data, o denominado «grupo Galaxia», capitaneado por Ramón Piñeiro, actuará como núcleo do labor cultural galeguista. Esta editorial, aínda que dedicou máis esforzo á narrativa e ao ensaio, tamén publicou importantes obras poéticas –o primeiro título que viu a luz na editorial foi *Antifona da cantiga* de Ramón Cabanillas– e puxo en marcha a colección «Illa Nova», centrada na publicación de obras de autores novos.

Ademais hai que recoñecer a importancia do suplemento cultural dos sábados que publicaba o diario compostelán *La Noche*, dirixido polo xornalista republicano Raimundo García Domínguez («Borobó»). Neste xornal publicáronse traballos de crítica e creación literaria de autores de xeracións galeguistas de antes e despois da guerra.



Con *Cómaros verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño, iníciase o período de recuperación da poesía en galego. O libro de Ferrín, que pecha este período, supuxo o cambio de rumbo da poesía en galego.

Un feito destacable da poesía da segunda metade do século XX é que comparten espazo literario autores de idades e experiencias vitais moi distintas, desde poetas que xa comezaran a súa produción na época das vangardas ata mozos estudantes que gañan agora os seus primeiros premios literarios. Esta confluencia de varias xeracións de poetas é un efecto máis da Guerra Civil e da inmediata posguerra, que produciron un período de silencio de máis dunha década, durante o cal tanto os autores que estaban na madurez coma os novos valores tiveron que pospoñer a publicación dos seus traballos ata que as circunstancias políticas o permitiron.

2 Principais tendencias da poesía do período 1936-1976

Este período comprende catro décadas, nas cales se van producindo cambios sociais e literarios moi profundos. Deste xeito, atoparemos un elevado número de poetas que configurarán unhas obras moi persoais das que é difícil extraer unhas características comúns. Así e todo, podemos establecer unhas tendencias ou liñas estilísticas e temáticas xerais que atravesan todo este período:

- Tendencias herdadas da preguerra:
 - **O imaxinismo** ou **hilozoísmo**. O influxo desta escola vangardista, que se basea nunha visión humanizada da paisaxe, estará presente na posguerra en autores como Manuel Casado Nieto, Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé María Castroviejo, entre outros.
 - **O neotrobadorismo**. Foi outra das correntes anteriores a 1936 que mantivo a súa vitalidade nesta etapa histórica. Baseábase na volta aos esquemas estróficos e estruturais da poesía medieval. Os principais cultivadores foron Álvaro Cunqueiro, Xosé Díaz Jácome e Xosé María Álvarez Blázquez.
 - **O ruralismo**. A estética ruralista, herdeira de Noriega Varela e de Crecente Vega, mantívose nesta época con poetas que fan da paisaxe o centro da súa obra. Destacan Xosé María Díaz Castro e Aquilino Iglesia Alvariño.
- **Paisaxismo renovador**. Trátase dunha liña poética que se centra no tratamento da paisaxe dun xeito diferente do ruralismo anterior. Prodúcese unha unión case panteísta entre o home e a paisaxe, e unha reflexión metafísica sobre a natureza. Destacan como cultivadores desta liña Manuel María e Uxío Novoneyra.
- **Clasicismo e culturalismo**. Esta corrente integra referencias doutras culturas, especialmente da greco-latina, e céntrase na recuperación de formas clásicas como o soneto e o hendecasilabo nunha poesía de ton íntimo, calmado e cotián. Destacan nesta tendencia Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño, González Garcés e Carballo Calero.

- **Intimismo e Escola da Tebra.** A liña poética que mira ao interior do individuo e que se formula interrogantes sobre a existencia percorre as distintas promocións poéticas. Cultivaron a poesía intimista Luís Pimentel, María Mariño, Pura Vázquez, Díaz Castro, Iglesia Alvariño... Na década de 1950 xorde unha corrente intimista marcada pola angustia e o pesimismo de carácter existencialista, e que mesmo presenta influencias surrealistas no emprego das imaxes visionarias e impactantes. Esta tendencia, coñecida como Escola da Tebra, está presente en Cuña Novás e nas primeiras obras de case todos os poetas da Xeración das Festas Minervais: Manuel María, Méndez Ferrín, Bernardino Graña...
- **Socialrealismo.** Xorde a finais da década de 1950 e iníciase coa poesía dos exiliados, como Luís Seoane e Lorenzo Varela. Esta corrente será a que predomine a partir da década de 1960 e conxugará a ideoloxía socialista coa poesía cívica que comezara no Rexurdimento e que desenvolveu Cabanillas nas primeiras décadas do século XX. Os máximos representantes son Celso Emilio Ferreiro e Manuel María.

3 A figura de Luís Pimentel

Este poeta adoita ser encadrado na xeración de vangarda anterior á guerra, aínda que as súas obras (*Triscos*, 1950 e a póstuma *Sombra do aire na herba*, 1959) foron publicadas na posguerra.

Luís Pimentel (1895-1959) naceu e viviu case toda a súa vida en Lugo, dedicado á medicina e á poesía. Formou parte do ambiente vangardista lugués das décadas de 1920 e 1930 e colaborou en revistas como *Ronsel*. A cidade de Lugo está moi presente na súa obra e o ambiente gris e monótono de pequena capital de provincia aparece claramente reflectido nos seus poemas.

As pegadas vangardistas son claramente perceptibles na súa obra, especialmente as de carácter surrealista, aínda que se orienta cara a un marcado lirismo intimista. Sentimentos como o medo e a dor están moi presentes na súa produción e fronte a eles aparece a sensualidade da figura feminina: «*Ela foi a primeira que pasou / cos seus ledos cadrís*».

O mundo poético de Pimentel está constituído por elementos que intentan captar instantes íntimos (espellos, reloxos, pianos...) nun ambiente de interiores e hábitos burgueses, como o que nos presenta o poema «Nouturno»:

*O corazón ben o sabía
e na frente da noite
a música rompía flores de marfil
para o piano pulido de silencio*



Monumento a Luís Pimentel, en Lugo.

Estamos perante unha poesía de grande intensidade, chea de sensacións e sentimentos, moi impresionista e de grande tenrura. En xeral, toda a súa obra ten un ton decadentista e melancólico, aínda que atopamos poemas como «Xogo ruín» e o famoso «Cunetas» onde se aprecia unha denuncia da maldade, da brutalidade e do fascismo.

No plano formal, destaca o uso do verso libre, a renuncia á rima e á estrofa, e o emprego dos recursos de repetición (paralelismo, anáfora, aliteración...) para dar ritmo e musicalidade á súa poesía.

4 A xeración de 1936

Os autores desta xeración naceron entre 1910 e 1920. Viviron a Guerra Civil –algúns como Celso E. Ferreiro participaron como combatentes– e este feito supuxo un trauma para eles. Proveñen en xeral dun estrato social pequeno-burgués e xa estaban activos como poetas antes da Guerra Civil e mesmo tiñan obras publicadas.

4.1 Aquilino Iglesia Alvariño

Nacido en 1909 no concello de Abadín (Lugo) é o enlace desta xeración cos poetas anteriores da preguerra. Antigo seminarista e posteriormente catedrático de Latín, foi tradutor de autores clásicos como Homero, Horacio e Tibulo.

Este autor cultiva varias das liñas temáticas principais da posguerra, se ben destaca no tema paisaxístico, con raíces no hilozoísmo e no paisaxismo ruralista de Noriega Varela. A saudade, o paso do tempo e a morte son temas que estarán moi presentes nos seus libros. Outra característica definitoria da súa poesía é a perfección formal de carácter clasicista nos seus versos.

Obra poética

- *Señardá* (1930) é un libro de sonetos nos que tematicamente destaca a saudade, a dor existencial. Presenta certas influencias modernistas e, fundamentalmente, do saudosismo portugués. *Corazón ao vento* (1933) segue na liña do saudosismo, pero con moitas influencias vangardistas, especialmente do hilozoísmo (natureza personificada, verso curto popular...).
- A súa obra capital é *Cómaros verdes* (1947). Trátase dun poemario heteroxéneo que integra as principais correntes da poesía de posguerra: hilozoísmo, clasicismo, ruralismo paisaxista e, mesmo, neotrobadorismo en poemas como «Sob as avelaneiras». Abandona a rima e usa o hendecasilabo branco nunha poesía máis depurada, de gran riqueza léxica e intensidade rítmica.
- *De día a día* (1960) é unha especie de diario poético no que destaca o tema do paso do tempo e o ton transcendente. En 1961, ano da súa morte, publica *Lanza de soledá*, libro de sonetos de ton dolorosamente intimista, nos que o poeta manifesta a súa angustia perante a inminencia da morte. Neste mesmo ano publica *Nenias*, libro que nace dunha das partes de *Cómaros verdes* e que integra poemas en que homenaxea distintos poetas, como os mestres do Rexurdimento, os vangardistas, clásicos como Catulo, etc.

4.2. Xosé María Díaz Castro

Naceu en Parga (Lugo, 1914) e estudou no seminario de Mondoñedo, igual ca Iglesia Alvariño. Licenciado en Filosofía e Letras, dedicouse á docencia e á tradución (dominaba varios idiomas) durante toda a súa vida, fundamentalmente en Madrid. Morreu en Lugo en 1990. Publicou un único libro, *Nimbos*.

- *Nimbos* (1961) outorgoulle unha gran relevancia no panorama das letras galegas. Nesta obra domina unha poesía transcendental que trata temas profundos como o amor, a natureza, o tempo e a morte. Ademais, o poema «Penélope» toma a Galicia como tema, equiparándoa coa dona de Ulises, paralizada nunha eterna espera.

Nesta obra sobresa o tema relixioso, pouco habitual na poesía galega. Nas frecuentes antíteses entre luz e sombra, a luz será relacionada con Deus e co espírito e a sombra co mundano e materialista. O mundo material do home preséntase como desprezable, inmerso nunha eterna noite da que só o pode salvar a luz da divindade, como se expresa en «A noite é necesaria»:

Hai homes cheos de sombra,
homes a contralús
que che fan ver a Deus
coma unha mar de lus.

A Noite é necesaria
pra que ti poidas ver
sobre o medo e o mal
as estrelas arder.

4.3 Celso Emilio Ferreiro

Naceu en Celanova (Ourense) en 1912. Iniciouse como poeta antes da guerra. Foi mobilizado como soldado polo bando franquista. Debido a unha denuncia falsa, foi encarcerado durante un permiso. Xa na posguerra, desempeñou diferentes profesións e tomou partido sempre a favor de posturas progresistas e nacionalistas, polo que tivo problemas coas autoridades da ditadura. Destacou pola súa actividade cívica e política (participou en revoltas populares como a loita contra o encoro de Castrelo de Miño, foi fundador da UPG) e por ser o mellor representante da corrente socialrealista de poesía. En 1966 emigrou a Venezuela, de onde regresou en 1973. Participou activamente en política ao restaurarse a democracia despois da morte do ditador en 1975. Morreu en Vigo en 1979.

Obra poética

- *O soño sulagado* (1954) é a súa primeira obra importante e nela atopamos unha poesía intimista e de grande desacougo existencial na que están presentes temas como o paso do tempo, o sentido da vida ou a nostalgia da terra natal. Mais xa aparecen elementos como a mestura de lirismo, humor e ironía que anticipan a temática social e a posterior poesía comprometida.
- *Longa noite de pedra* (1962) é un libro capital para entender a poesía da posguerra. Esta obra fíxose moi popular en todo o Estado español, ata o punto de que o seu título foi convertido na principal metáfora para referirse aos anos que durou a ditadura. Moitos poemas foron convertidos en cancións por membros de Voces Ceibes e artistas comprometidos con Galicia.

A xénese da obra está no período en que o autor estivo preso no mosteiro de Celanova durante a guerra, acontecemento reflectido no poema que dá título ao poemario e que se converte nun canto contra a opresión e a inxustiza. O autor constrúe unha poesía



Celso Emilio Ferreiro.

de gran sinxeleza expresiva, que ás veces cae no coloquialismo e que procura concienciar e conmover, provocar unha resposta no lector. Celso Emilio dálle máis importancia ao contido ca á forma para transmitir a súa mensaxe de xustiza e liberdade, de denuncia da opresión e da explotación do ser humano e de refugamento da guerra e do autoritarismo:

*Querida, non o esquezas, hai palabras
que é pecado dicilas neste tempo.
Palabras que non debes pronuncialas,
nin xiquera pensalas, cavilalas,
tatexalas, gabalalas, escribilas...
Moito menos berralas.
Esposa, toma nota e non esquezas:
non digas libértá, palabra triste
con perigo de morte a calivera.*

Pero na obra tamén está presente o lirismo, con composicións de carácter intimista, nas que o autor mostra a súa nostalxia das terras nativas, a angustia pola infancia perdida e o paso implacable do tempo:

*Pasa o tempo sin deterse,
río infindo de silencio
río infindo, noite e día,
río infindo, branco e negro.*

Neste poemario atopamos o humor e a ironía como recursos ao servizo desa descrición da realidade opresora. O autor celanovés incorpora á poesía rexistros lingüísticos propios da fala cotiá e que serven de expresión a unha nova realidade urbana non mostrada na poesía galega. Con todo, apréciase unha procura do ritmo e da musicalidade do verso, combinando metros cultos con ritmos propios da poesía tradicional e da música popular. O uso do paralelismo e a anáfora, as aliteracións e onomatopeas contribúen a darlle ritmo á súa poesía, que, ademais, recorre a simbolismos sinxelos (o río, o inverno, a árbore, a pedra, a andoriña...).

- *Viaxe ao país dos ananos* (1968) parte tamén dunha experiencia persoal: a emigración do poeta a Venezuela e o choque que supón para el o descubrimento da realidade dos colectivos de emigrados. Na obra apréciase dúas partes: a primeira constitúe un extenso poema en 21 capítulos en que o poeta, autodenominado «Gulliver Ferreiro», conta a súa frustrante experiencia na emigración e ataca aos emigrantes enriquecidos e renegados que actuaban como monicreques do franquismo. A segunda está composta por 26 poemas máis heteroxéneos que seguen a liña da poesía comprometida e de loita iniciada na obra anterior. Outro libro que nace da frustrada experiencia da emigración é *Terra de ningures* (1969).

O ton crítico e sarcástico de *Viaxe ao país dos ananos* ten continuidade nas obras de poesía satírica que o autor publica nos anos seguintes: *Cantigas de escarnio e maldicir* (1968), *Paco Pixiñas* (1970) e *Cemiterio privado* (1973). Nestas obras a sátira faise máis profunda e mordaz, extraendo o máis negativo dos personaxes que retrata. Esta liña poética chega á súa radicalización con *Antipoemas* (1972), obra na que renuncia á poesía en tanto esta sexa un exercicio de lirismo inofensivo e presenta unha serie de composicións prosaicas que critican o imperialismo, a sociedade de consumo, a tiranía do diñeiro...

- *Onde o mundo se chama Celanova* (1975) é a derradeira obra publicada polo autor e con ela regresa á poesía intimista, na que lembra a súa vila natal e os seus amigos. Destaca poderosamente a figura da súa dona, Moraima, destinataria dos poemas amorosos do autor, axudante e confidente. Esta obra está chea de nostalxia, lembranzas da terra e dos amigos, e reflexións sobre o paso do tempo e a morte.

5 A Promoción de Enlace


Os poetas desta xeración son considerados por algúns autores como epígonos da Xeración de 1936. Eran moitos durante a Guerra Civil (naceron entre 1920 e 1930) e acceden á cultura nos anos corenta, en plena posguerra e nunha situación social e cultural penosa. Esta circunstancia biográfica provoca que a maioría sexan autodidactos e que descoñezan tanto a literatura galega anterior coma a que se fai no exilio, polo que a maioría comezaron escribindo en castelán para posteriormente pasar ao galego.

5.1 Antón Tovar

Antón Tovar (1921-2004) viviu en Ourense case toda a súa vida, onde traballou como funcionario de Facenda e libreiro. Na xuventude sentiu a vocación eclesiástica, pero quedou desencantado do seu paso polos xesuítas.

Publica *Arredores* (1962), *Non* (1967) e *O vento no teu colo* (1974), obras recollidas en 1975 no volume *Poesía galega completa*. Con posterioridade publicou *Calados esconxuros* (1980), *Berros en voz baixa* (1990), *A nada destemida* (1991) e outros títulos de ensaio e narrativa.

Tovar reflexiona continuamente sobre o sentido da vida e da morte nas súas obras. Faino dun xeito pesimista



ta e desacougante, mesmo nihilista, que se materializa nunha poesía desgarrada e metafísica que mostra unha clara preocupación relixiosa na procura dun Deus ausente que nunca se revela:

*Odio i amor polo corpo,
nin odio nin amor teño.
Nada pido. Eu quixera
somentes un gran sosego
grandeiro como un praial,
extenso como un océano.*

Tamén se poden apreciar pegadas da poesía social en composicións de finais da década de 1960 que se caracterizan por unha expresión máis prosaica, moi na liña da poética do socialrealismo.

5.2 Luz Pozo Garza



Nacida en Ribadeo (Lugo) en 1922, comezou desde moi nena no mundo da poesía e da música da man da súa nai. Residiu en Ribadeo, Lugo, Marrocos, Viveiro, Vigo e A Coruña. Comezou a escribir en castelán obras notables como *Ánfora* (1949), para logo pasar unha etapa de

escritora bilingüe e, xa desde finais da década de 1970, converterse nunha autora monolingüe en galego.

A súa poética é basicamente intimista. *O paxaro na boca* (1952) móstranos unha poesía de carácter amoroso que se afasta do intimismo existencialista e angustiada que predominaba na época. É tamén vitalista na que se canta ao amor dun xeito sensual e con expresivas imaxes. O seguinte libro, publicado en castelán e galego simultaneamente, é *Verbas derradeiras* (1972). Supón un xiro temático, pois posúe un ton intimista máis descarnado e aparecen os sentimentos de saudade, angustia e desamor, a presenza da morte e a preocupación polo pasado e polo futuro de Galicia.

Mais tarde, obras como *Concerto de outono* (1981) e *Códice calixtino* (1986) supoñen a súa madurez como poeta combinando o vitalismo e a sensualidade con referencias culturalistas, preocupación social e o característico ton intimista. As súas últimas obras son *Prometo a flor de loto* (1991) e *Vida secreta de Rosalía* (1996), na que xa desde o título se nos revela outra das constantes da poética da autora: a influencia de Rosalía de Castro.

5.3 Manuel Cuña Novás

Naceu en Pontevedra en 1926 e faleceu na mesma cidade en 1992. Colaborou na prensa, participou en política e chegou a ser senador durante a Transición. É o iniciador da chamada «Escola da Tebra» e a súa obra fundamental é *Fabulario novo* (1952). Nela aprécianse todas as características propias desta escola. Predomina o verso libre e o clima angustiada e onírico, mesmo terrífico. Moito despois publica *Canto e fuga da irmandade sobre da terra e da morte* (1977), obra na que incorpora a reflexión patriótica sobre Galicia.

6 A Xeración das Festas Minervais

Os autores deste grupo, nados entre 1930 e 1940, reciben este nome porque case todos participaron e foron premiados nas Festas Minervais da Universidade de Santiago mentres eran estudantes. Estas festas eran uns antigos certames literarios que a Universidade recuperou na década de 1950.


Estes poetas xa non viviron directamente a Guerra Civil e criáronse no clima de escurantismo e represión dos anos seguintes á contenda. Como resposta a este panorama gris e reaccionario, procuran referentes externos no mundo cultural francés e anglosaxón, e buscan novas formas de expresión como a cultura do jazz, o movemento *beat*, o cómic, o rock... Ademais, son a xeración que recupera na clandestinidade a acción política nacionalista de esquerdas, xa vinculada ao marxismo, e que pretende superar as posicións culturalistas e moderadas de Ramón Piñeiro e o grupo Galaxia.

Algúns autores desta xeración integraron o **grupo Brais Pinto**, formado en 1958 por mozos galegos, a maioría estudantes, residentes circunstancialmente en Madrid. Fundaron a editorial do mesmo nome e levaron a cabo un activismo cultural e político. Algúns integrantes deste grupo foron Xosé Luís Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Alexandre Cribeiro, Ramón Lorenzo e Raimundo Patiño.

6.1 Uxío Novoneyra

Naceu en 1930 de Parada de Moreda, no Courel (Lugo), na montaña luguesa que el elevará a universo poético. Estudou bacharelato en Lugo e Filosofía e Letras en Madrid, onde tivo contactos cos membros do grupo Brais Pinto. En 1966 volveu definitivamente a Galicia residiu no Courel ata 1983, data en que se traslada a Santiago de Compostela, cidade en que faleceu no ano 2000.

Os temas paisaxísticos están presentes fundamentalmente en *Os eidos* (1955), *Os eidos 2* (1974) e *Elexías do Caurel e outros poemas* (1966). Esta poesía érguese como canto telúrico nun marco natural grandioso que resalta a insignificancia do home:



Uxío Novoneyra.

*Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe!
Eiquí síntese ben o pouco que é un home...*

Destaca neste autor a visión innovadora da paisaxe que, se ben ten as súas raíces na tradición que ven de Noriega Varela e Iglesia Alvariño, ten nel unha dimensión máis íntima e metafísica. É unha poesía de ton místico e panteísta, na que aparece o home en soidade unido á natureza inmensa e reflexionando sobre a existencia:

*VENDO i ouvindo o río
vaise o tempo sin sentido
Naz'a auga su as abrairas
entr'as penas sombrizas
roxas e baixas
de pincheira en pincheira
e corre entretecida...*

/
*Esta auga da presa
son eu ou é ela?*

Na poesía de Novoneyra non todo é paisaxismo. Distínguese unha vertente social e política, máis acentuada a partir da década de 1960, centrada en temas como a afirmación da identidade nacional de Galicia («Do Courel a Compostela»), a denuncia do imperialismo («Viet-Nam canto») ou a homenaxe ás vítimas das loitas obreiras («A Amador Rei Rodríguez e Daniel Niebla García»).

Outras obras súas son *Poemas caligráficos* (1979), *Muller pra lonxe* (1987), ou *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas* (1999).

Canto á forma da súa poesía, o autor explota recursos como o fonosimbolismo (evocación de sensacións non auditivas por medio da expresividade dos sons),

o simbolismo gráfico-visual (emprego da caligrafía e a distribución do espazo con fins expresivos) ou o estilo litúrxico (do que é representativo o poema «Letanía de Galicia»). A súa poesía posúe un carácter fortemente sintético e conceptual, pois tras unha expresión aparentemente sinxela oculta multiplicidade de contidos.

6.2 Xosé Luís Méndez Ferrín

Nacido en Ourense (1938), pasa tempadas en Vilanova dos Infantes, vila que constitúe un espazo simbólico na súa obra. Trasládase a vivir a Pontevedra, cidade na que cursa o bacharelato e toma contacto co galeguismo. Realiza estudos de Filosofía e Letras en Santiago de Compostela, onde participa en diversas actividades culturais cos outros membros da súa xeración poética e se relaciona con Otero Pedrayo e co grupo Galaxia, do que posteriormente se afastará. Fundou en 1957 o grupo Brais Pinto, cando cursaba en Madrid a especialidade de Filoloxía Románica.

Nos anos sesenta destaca a súa militancia política, guiada por un ideal socialista e revolucionario. Participa na fundación do Consello da Mocidade (1963) e da UPG (1964). Instalado en Vigo como catedrático de instituto no ano 1965, tivo un destacado papel nas mobilizacións obreiras e políticas dos últimos anos do franquismo e na Transición, polo que pasou polo cárcere en varias ocasións.

Ademais do seu labor literario, Méndez Ferrín ten unha longa e continuada traxectoria como ensaísta e como articulista. Destacan as súas colaboracións no xornal *Faro de Vigo* e a dirección na revista de opinión e pensamento crítico *A Trabe de Ouro*.

Obra poética

A súa primeira obra *Voce na néboa* (1957) insírese na poesía existencialista e angustiada propia da «Escola da Tebra». Xa aparecen nesta primeira obra algunhas das constantes do autor: a presenza de Galicia, a invención de nomes e as referencias intertextuais.

En 1972 publicou *Antoloxía popular* baixo o pseudónimo de Heriberto Bens, e en 1980 a *Poesía enteira de Heriberto Bens*, que inclúe a obra anterior e o *Sirventés pola destrución de Occitania* (1975). Aquí xa aparece a poesía social, centrada en Galicia e na que se homenaxean figuras como Bóveda e os guerrilleiros da posguerra:

*E agora pronunciemos –Fresco, Ponte,
Curuxás e Raúl e mais Foucellas–
os nomes, meu amor e doce porto,
e lembremos o pobo que no monte
non tivo coutos, marcos, muradellas
e foi libre, rebelde e está morto.*

Ferrín traza nestas obras as liñas mestras da súa poética social: a mensaxe política revolucionaria, o coidado formal –afastado do prosaísmo– e o ton épico, mais é unha épica das nacións derrotadas (Occitania).

Con pólvora e magnolias (1976) é unha obra central na literatura galega e supuxo unha renovación da poesía galega ao superar o discurso prosaico do socialrealismo. O propio título é moi significativo do seu contido: reúne a poesía política e revolucionaria (a pólvora) coa brillantez estética e o lirismo intimista (as magnolias). O tema principal da obra é o compromiso social e patriótico desde unhas posicións claramente nacionalistas e revolucionarias, pero ademais están presentes motivos como a morte, o paso do tempo, o erotismo e o gozo da vida.

*Saudemos á morte:
na palma da man non sosteñamos ónices.*

*Chamémoslle:
libro de silencio,
pórtico terminal da escravitude,
escritura feliz da opacidade,
luz que desata e nome da ledicia.*

*Saudemos á morte:
non deamos pousada a Bach ou a Joplin.*

*Contemplemos
o seu fermoso rostro á nosa beira.*


Destaca un ton épico moi característico, que se corresponde cunha construción mítica da nación galega. Na expresión sobrancean as referencias culturais (culturalismo) –entre as que destacan as da cultura popular do século XX–, as imaxes visionarias, o emprego do verso libre, a ruptura do discurso lóxico e a peculiar disposición tipográfica dos versos.

O fin dun canto (1981) continúa na liña da obra anterior. De novo se combinan as consignas políticas con poemas intimistas de reflexión sobre o tempo e, tamén, de ton erótico, que será o que predomine na súa seguinte obra *Erótica* (1992).

Estirpe (1994) é un poemario de ambiente telúrico que se centra no pasado máis remoto da nación galega. Evocando a Pondal, o poeta homenaxea de novo personaxes anónimos e destacados da historia.

Contra Maquieiro (2006) é o seu libro de poesía máis recente. Nel volven aparecer motivos centrais da súa poética –o compromiso político, o paso do tempo– e o ton épico, presente xa desde a invocación con que comeza o poemario:

*Dáme Razón un lóstrobo de sombra
pra eu ver a casa dos oprobios e os lugares [...]*



Manuel María.

6.3 Manuel María

Manuel María Fernández Teixeiro (Outeiro de Rei-Lugo, 1929-A Coruña, 2004) é un dos escritores galegos máis prolíficos. Nacido na Terra Chá, bisbarra á que canta na súa poesía, realizou o bacharelato en Lugo e exerceu de libreiro e procurador dos tribunais en Monforte. Home comprometido politicamente (colaborou coa UPG e a AN-PG), viviu os derradeiros anos da súa vida na Coruña.

As súas primeiras obras poéticas inscribíense de cheo na temática existencial da chamada «Escola da Tebra», corrente da que foi iniciador xunto con Cuña Novás. *Muiñeiro de brétemas* (1950), *Morrendo a cada intre* (1952) e, especialmente, *Advento* (1954) son obras que se insiren nesta tendencia. Destaca nestas obras o emprego do verso longo, as imaxes visionarias de influencia surrealista e as referencias relixiosas.

A poesía paisaxística, na que, á par de Novoneyra, tamén inaugura tendencias, é outro piar da súa poética. En *Terra Chá* (1954) poetiza distintos elementos da natureza da bisbarra, definitorios da esencia profunda do rural galego:

*O monte é raso. Carqueixas. Máis alá
unha terra moura, a mourear.
¡Pobos sen serras! ¡Fanegas de soidá!*

Nas décadas de 1960 e 1970, o tema que predomina na súa obra será o socialrealismo, no que de novo será pioneiro con libros como *Documentos persoas* (1958).

Nesta obra válese do rexistro xurídico-administrativo e do ton coloquial para construír unha poética social de carácter satírico, directo e irónico, da que é bo exemplo o poema «Bando»:

*Prohíbese, por orde da alcaldía,
que medren porque si
as rosas do xardín municipal.
Dende agora as pombas teñen
que pedir licencia para voar.*


Seguirán a liña social poemarios como *Mar Maior* (1963), *Versos pra un país de minifundios* (1969) ou *Laio e clamor pola Bretaña* (1973), obra na que se solidariza co pobo bretón e identifica a súa loita coa da propia Galicia.

Outra liña poética tamén cultivada polo autor foi o intimismo amoroso, en obras como *Poemas ao outono* (1977) e *Compendio de orballos e incertezas* (1990). Non podemos tampouco esquecer unha importante obra de poesía dirixida ao público infantil, *Os soños na gaiola* (1968).

6.4 Bernardino Graña

Nacido en Cangas (Pontevedra, 1932), foi membro do grupo Brais Pinto e deuse a coñecer tamén pola súa participación nas Festas Minervais. O seu primeiro libro, *Poema dun home que quixo vivir* (1958) insírese na liña existencial da «Escola da Tebra». *Profecía do mar* (1966) é un canto ao mar e as súas xentes no que emprega un léxico rico en termos mariñeiros. A obra ten un ton vitalista e esperanzado no que a voz poética se funde coa do pobo mariñeiro.

Non vexo Vigo nin Cangas (1975), *Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen* (1980), *Sima-cima do voar do tolo* (1984) e *Himno verde* (1991) son obras nas que de novo aparece o ton vitalista e a forza do amor xunto cos temas sociais, nos que destaca a preocupación ecolóxica e a denuncia da alienación do ser humano na sociedade moderna.



Bernardino Graña.

6.5 Xohana Torres

Nacida en Santiago de Compostela en 1931, escribe poesía, narrativa e teatro. Comezou a súa traxectoria en 1959 co poemario *Do sulco*, de carácter fortemente intimista. *Estacións ao mar* (1980) é a súa obra de madurez, na que combina o intimismo cos temas patrióticos; aparecen nela temas como a soidade do ser humano, o paso do tempo e a amizade tratados con grande orixinalidade formal. *Tempo de ría* (1992) segue unha liña poética similar á obra anterior.

6.6 Antón Avilés de Taramancos

Este autor noiés (1935-1992) publicou dous poemarios na década de 1950, antes de emigrar a Colombia. Ao seu regreso viron a luz *O tempo no espello* (1982) –obra que integra a súa poesía xa publicada–, *Cantos caucanos* (1985), *As torres no ar* (1989) e *Última fuxida a Harar* (póstumo, 1992). Nesta poesía apreciamos un canto á natureza poderosa, tanto da terra natal coma das selvas colombianas. Tamén está presente a saudade do que marchou pero que confía en volver (a recorrencia do motivo de Ulises é significativa), o canto vitalista ao amor e á sensualidade e a preocupación pola memoria e as orixes.

6.7 Arcadio López Casanova

É o membro máis novo da xeración, pois naceu en Lugo en 1942. Profesor de Literatura, é autor de numerosas obras de teoría e crítica literaria.

As súas primeiras obras, *Sonetos da esperanza presentida* (1965) e *Palabra de honor* (1967) mostran un ton existencial e grande dominio dos recursos poéticos. En 1976 publica *Mesteres*, obra que, xunto a *Con pólvora e magnolias* de Méndez Ferrín, marcou un punto de inflexión ao afastarse do prosaísmo socialrealista. Apréciase unha grande variedade temática (a reflexión sobre a poesía, o exilio, a morte, a muller, a visión de Galicia...) tratada cun grande rigor formal no que destaca o emprego do soneto e o uso de recursos de repetición e rimas internas que dan aos seus poemas un ton litúrxico. *Liturgia do corpo* (1983) continúa o ton da obra anterior e nel predomina o tema do paso do tempo. En 1994 publica *Noite do degaro*.

6.8 Salvador García-Bodaño

Naceu en Vigo en 1935, aínda que estivo sempre moi vinculado a Santiago de Compostela. Foi fundador da Asociación Cultural *O Galo* nesta cidade e do Partido Socialista Galego (PSG). Publica en 1967 *Ao pé de cada hora*, libro que combina os temas amorosos e o compromiso social. A súa obra máis destacada é *Tempo de Compostela* (1978), libro de poemas centrado na cidade de Santiago.